XUNTA DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA

FORO ENRIQUE PEINADOR

XXVI PREMIOS DE PUBLICIDADE EN GALEGO

2019

Con base no acordo conxunto do Parlamento de Galicia, o Foro Enrique Peinador e a Secretaría Xeral de Política Lingüística, encomendóuselle a este centro directivo a elaboración das bases dos Premios de Publicidade en Galego e a súa tramitación.

Na súa virtude, a Consellería de Cultura e Turismo a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística convoca, con periodicidade anual, os Premios de Publicidade en Galego, co obxectivo de promover o uso da lingua galega no ámbito publicitario en cumprimento do Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico e do Plan xeral de normalización lingüística. Na presente edición, a convocatoria dos premios rexerase polas seguintes bases:

BASES

1 O obxecto da convocatoria é establecer e regular o procedemento para a concesión de premios dirixidos ás empresas anunciantes, ás axencias de publicidade e aos centros educativos públicos, privados ou concertados especializados nalgunha das áreas de coñecemento que teñan que ver coa publicidade, polos traballos publicitarios que realicen e polo seu desenvolvemento técnico, respectivamente.

2 Establécense cinco premios, un por cada unha das seguintes categorías, segundo o medio de difusión: radio, televisión, Internet, prensa escrita e un extraordinario para proxectos elaborados polo alumnado de centros educativos. Para cada categoría, (agás para a especialidade educativa), configúranse dúas modalidades de premio, de xeito que, polos traballos que resulten galardoados, recibirán cadanseu premio tanto a empresa anunciante como a axencia de publicidade.

3 A convocatoria é de natureza aberta e de participación voluntaria. Formalizarán as correspondentes follas de inscrición tanto as empresas anunciantes como as axencias de publicidade e de medios (empresas produtoras, estudios de deseño gráfico, creativos, empresas especializadas no desenvolvemento de páxinas web, produtores de produtos publicitarios...) que realizasen unha acción publicitaria, difundida ou transmitida integramente en galego, entre o 1 de xaneiro de 2018 e o 31 de decembro de 2018. Os membros da comisión de valoración poderán propor tamén candidaturas de acordo coa finalidade do premio.

Por outra banda, premiaranse os traballos realizados polo alumnado dos centros educativos especializados nalgunha das áreas de coñecemento que teñan que ver coa publicidade durante o curso 2018-2019. Estes centros deberán formalizar tamén a folla de inscrición.

4 O prazo de inscrición nesta convocatoria e, así mesmo, para a presentación dos traballos que concorren aos premios comezará a contar dende o día seguinte ao da súa publicación na web da Secretaría Xeral de Política Lingüística (www.lingua.gal) e rematará o 18 de outubro de 2019.

5 Os traballos deberán enviarse tanto en formato orixinal como en formato jpg ou pdf (no caso das imaxes), mp3 (audios) e mp4 con resolución para web, máximo 40M (vídeos). O enderezo de envío é o seguinte:

Secretaría Xeral de Política Lingüística
Rúa de San Roque, n.º 2
15704 Santiago de Compostela

O envío irá acompañado da folla de inscrición, debidamente cuberta e asinada, que deberá descargarse na web www.lingua.gal.

Non se aceptarán aquelas solicitudes que non inclúan a folla de inscrición xunto cos datos da empresa anunciante, da axencia de publicidade ou do centro educativo. A ausencia da folla de inscrición e dos datos de identificación das empresas ou entidades participantes será causa de exclusión directa do procedemento sen máis trámites. No caso de concorrer ao premio con varios traballos, será obrigatorio presentar unha folla de inscrición por cada un deles.

6 Os premios consistirán na entrega dunha certificación e mais dunha obra artística.

7 Para a selección dos traballos publicitarios presentados crearase unha comisión de valoración, que tamén poderá propoñer candidaturas no propio acto de valoración. Esta comisión estará presidida pola persoa titular da Subdirección Xeral de Planificación e Dinamización Lingüística, ou a persoa en quen delegue, e integrada polos seguintes membros:

a) Dúas persoas especializadas nas diferentes disciplinas da comunicación e da publicidade.
b) Unha persoa en representación do ámbito institucional.
c) Unha persoa en representación do ámbito asociativo.
d) Un funcionario ou unha funcionaria da Secretaría Xeral de Política Lingüística, que actuará como secretario ou secretaria, con voz e sen voto.

8 Dos traballos que concorran ao premio, valoraranse, entre outros, os aspectos que se indican a seguir:

a) Singularidade da produción (20 %)
b) Impacto na promoción da lingua galega (40 %)
c) Calidade lingüística oral e escrita (20 %)
d) Contido multimedia, para os traballos en Internet (20 %)

Os premios poderán quedar desertos.

9 Logo de analizar os traballos presentados, a Comisión de Valoración emitirá a proposta de resolución dirixida ao titular da Secretaría Xeral de Política Lingüística, ao presidente do Parlamento de Galicia e ao presidente da Fundación Enrique Peinador.

A resolución conxunta dos traballos premiados publicarase nas páxinas web das entidades convocantes.

10 Os premios, en todas as súas modalidades, serán entregados no transcurso dun acto que se realizará no mes de novembro de 2019, en conmemoración do Día da Galeguidade Empresarial.

11. As axencias, empresas ou centros educativos participantes, ao aceptaren o premio, aceptan e consenten a difusión dos traballos galardoados en medios de comunicación internos, externos ou nas redes sociais que determinen as entidades promotoras desta convocatoria e colaborarán en todas as accións de difusión que se organicen.

12. Na táboa que se achega ordénase a información básica sobre o tratamento dos datos de carácter persoal dirixida ás persoas físicas que representan as empresas ou entidades participantes nesta convocatoria, ao abeiro das prescricións previstas no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no

que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e demais normativa concordante que sexa de aplicación.

Responsable	Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura e Turismo, con enderezo no complexo administrativo de San Caetano s/n, 15781 Santiago de Compostela.
Datos obxecto do tratamento	Os datos de carácter persoal que proporcionen as empresas anunciantes, as axencias de publicidade e os centros de formación, así como os que se deriven da concesión dos premios.
Finalidade	A realización das xestións necesarias para o desenvolvemento dos premios, que inclúe a selección dos traballos galardoados, a publicación dos premiados e o contacto cos gañadores ou gañadoras para a entrega dos premios e a súa posterior difusión pública en medios de comunicación internos ou externos, así como nas redes sociais que determinen as entidades promotoras desta convocatoria.
Base lexítima do tratamento	O consentimento expreso das empresas anunciantes, das axencias de publicidade e dos centros educativos, polo feito de participar na XXVI edición dos Premios de Publicidade en Galego.
Destinatarios dos datos	Os que resulten necesarios conforme a lei e os provedores de servizo na súa condición de encargados do tratamento, así como á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o Parlamento de Galicia e a Fundación Enrique Peinador.
Dereitos das persoas interesadas	Acceso, oposición, rectificación, supresión e limitación mediante o envío dunha petición razoada dirixida á sede da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura e Turismo en Santiago de Compostela (Edificio Administrativo de San Caetano, s/n), ou no seu enderezo electrónico: https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos. Así mesmo, as persoas interesadas que consideren lesionado o seu dereito á protección de datos poderán presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.agpd.es).
Duración do tratamento	Os datos persoais conservaranse durante o tempo necesario para o cumprimento da finalidade obxecto desta convocatoria e, con posterioridade á publicación dos traballos galardoados, polo tempo de prescrición das accións legais correspondentes para a tutela do dereito á protección de datos persoais. Os datos destruiranse logo de que transcorra o referido prazo de prescrición.

13. A presentación aos XXVI Premios de Publicidade en Galego implica a aceptación destas bases.

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2019